



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Formación de persoal interino para subescala de secretaría-intervención

**CONVOCATORIA:** CURSO SELECTIVO PERSOAL INTERINO ADMINISTRACION LOCAL

**GRUPO:** Cursos Convenios

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	CONVENIO	<b>HORAS:</b>	50
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN ES CI XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2024
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	TELEFORMACIÓN	<b>TIPOLOXÍA:</b>	ESPECÍFICO	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 16/11/2024 - 09:00h ao 20/11/2024 - 14:00h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Ofrecer unha visión teórico-práctica das principais funcións dos secretarios-interventores con habilitación nacional.

### DESTINATARIOS

Persoas que superaron as probas de acceso do proceso de selección de persoal interino convocado mediante a Resolución da Dirección Xeral de Administración local do 19 de marzo de 2024 (DOG núm. 64, do 2 de abril).

### PROGRAMA

- Módulo I (2,5 horas)

As contratacións en materia de persoal. Fiscalización en materia de persoal nas entidades locais: nóminas, contratos.

- Módulo II (10 horas)

A lei de contratos do sector público: os procedementos de contratación e a súa aplicación nas entidades locais (procedemento aberto, negociado, de emerxencia e contratos menores). Fiscalización das fases dos procedementos de contratación nas entidades locais.

- Módulo III (10 horas)

Distribución de competencias entre os órganos das entidades locais. Funcionamento e réxime xurídico dos órganos colexiados das entidades locais: xunta de goberno local, Pleno, comisións informativas. Os decretos de alcaldía. As certificacións dos acordos e as actas. Acceso a expedientes. Elaboración de ordenanzas e regulamentos. A lei de transparencia.

- Módulo IV (10 horas)

Elaboración de orzamentos. A Orde EHA 3565/2008 de 3 de decembro pola que se establece a estrutura dos orzamentos nas entidades locais e a súa aplicación práctica. Liquidación e Conta Xeral e os informes preceptivos. Informes de regra do gasto e estabilidade orzamentaria. As obrigas de subministración de información previstas na lei 2/2012 de estabilidade orzamentaria e a Orde HAP 2015/2012 de 1 de outubro. A recadación en período voluntario e executivo nas entidades locais.

- Módulo V (5 horas)

Réxime xurídico das subvencións nas entidades locais. Fiscalización das subvencións nas entidades locais.

- Módulo VI (2,5 horas)

A responsabilidade patrimonial nas entidades locais.

- Módulo VII (10 horas)

Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o seu regulamento aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro. Especial referencia á concesión de licenzas, ás comunicacións previas e á disciplina urbanística nas entidades locais.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Persoas que superaron as probas de acceso do proceso de selección de persoal interino convocado mediante a Resolución da Dirección Xeral de Administración local do 19 de marzo de 2024 (DOG núm. 64, do 2 de abril).

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### T01

**LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN

**INICIO / FIN:** 25/11/2024 a 17/12/2024

**NUM. PRAZAS:** 50

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

MANUEL MARTINEZ VARELA

LUÍS JAIME RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

SUSANA GALLARDO FARIÑA

PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ

MARÍA COBAS GARABAL

Eva Rodríguez Fernández

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS

MARIA FERNANDA MONTERO PARAPAR

JOSÉ MARÍA DOMINGUEZ BLANCO

#### LUGAR DE REALIZACIÓN

En liña